



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **NON ASISTE:**

D. Ramón Boga Moscoso

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezasete de setembro do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Non asisten á sesión o concelleiro D. Ramón Boga Moscoso.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 10 de setembro de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 10 de setembro de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se dá conta de ningún.

## **3.- PROPOSTAS**

### **3.1. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO LOTE 4 "SUMINISTRO DE GASES INDUSTRIALES PARA SOLDADURA" RELATIVO Á CONTRATACIÓN DAS SUBMINISTRACIÓNS NECESARIAS PARA O**



## **DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS DO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO (PLAN AFD 2023-2024). EXPEDIENTE TEDEC NÚMERO 2023/C005/000015**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 11 de setembro de 2024 (CVD: luo1OJrFbfBAKIo6M6m8), que transcrita di:

### **“PROPOSTA DA ALCALDIA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado na plataforma TEDeC co número 2023/C005/000015 relativo á contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (PLAN AFD 2023 - 2024), cun orzamento base de licitación de 109.454,78 euros (90.458,50 euros, importe sen IVE), dividido en 5 lotes:

- *Lote 1: Suministro de metais para soldadura (33.397,96 € sen IVE, 41.064,93 € IVE incluído)*
- *Lote 2: Suministro de consumibles para soldadura (20.641,00 € sen IVE, 24.975,61 € IVE incluído)*
- *Lote 3: Suministro utillaxe para soldadura (6.037,80 € sen IVE, 7.305,74 € IVE incluído)*
- *Lote 4: Suministro de gases para soldadura (12.200,60 € sen IVE, 14.762,73 € IVE incluído)*
- *Lote 5: Suministro de materiais e equipos para fontanería e calefacción e montaje e mantemento de instalacións solares térmicas (14.762,73 € sen IVE, 21.345,78 € IVE incluído)*

Visto que, para o Lote 4, presentaron oferta os seguintes licitadores:

- **Lote 4.** Total licitadores: 3.
  - COMERCIAL DIRESA S.L.
  - NIPPON GASES DE ESPAÑA S.L.U.
  - CARBUROS METÁLICOS S.A.

Visto a acta da mesa de contratación do día 07.06.2024 (CVD: KIMZCQjYelvdYIvN3LYL) na que, entre outras cousas, formulouse por maioría proposta de adxudicación do lote 4 do contrato “Suministros necesarios para el desarrollo de los cursos del Plan Formativo para el Empleo (PLAN AFD 2023 - 2024) a favor do licitador “Nippon Gases España, S.L.U.”, no prezo ofertado de 8.152,50 euros sen IVA (9.864,53 euros IVA incluído).

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario do Lote 4.

Visto o informe emitido polo técnico en promoción económica o día 17.07.2024 (CVD: WURtt0TbK59Dejl/XcP6), no que, entre outras cousas di:

(...)

*Una vez comprobada y analizada la documentación aportada por la empresa **Nippon Gases España, S.L.U.** queda **acreditada la solvencia técnica** de la misma, conforme a lo establecido en la cláusula 16 del PCAP, **así como la correcta presentación de a restante documentación requerida.***

(...)

Visto o informe emitido pola secretaria xeral, o día 06.09. 2024 (CVD: 7wYszdGPpi2x62akZzgU), no que se informa desfavorablemente a adxudicación do contrato e no que entre outras cousas, di:

“(...)



## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Primeira.- Normativa aplicable.

“(…)

**Segunda.-** En data 8 de febreiro de 2024, pola técnica de xestión de Admnsitración xeral coa conformidade desta Secretaría emitiuse informe (CVD: x7TKgSuTGdQlcEi9cg3Z) no que, en base aos argumentos expostos nas súa consideración xurídica sexta, informouse desfavorablemente o expediente de contratación. Informe no que se ratifica a que subscribe, e no que indicouse, entre outras cousas, que:

“(…)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

(…)

### Sexta.- Prego de cláusulas administrativas particulares

O artigo 67 do RXLCAP establece o contido mínimo dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

- Consta no expediente prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: zptNPGqOWsefDAhIFMTv), verbo do cal fai a seguinte consideración:

O PCAP prevé un único **criterio de adjudicación** (o factor prezo). Non consta suficientemente xustificado no expediente a utilización dun único criterio de adjudicación.

O artigo 131.1 e 2 da LCSP establece que “Los contratos que celebren las Administraciones Públicas se adjudicarán con arreglo a las normas de la presente sección. La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”.

O artigo 145 do dito texto legal di:

“1. La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación en base a la mejor relación calidad-precio.

Previa justificación en el expediente, los contratos se podrán adjudicar con arreglo a criterios basados en un planteamiento que atienda a la mejor relación coste-eficacia, sobre la base del precio o coste, como el cálculo del coste del ciclo de vida con arreglo al artículo 148.

2. La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cualitativos.

Los criterios cualitativos que establezca el órgano de contratación para evaluar la mejor relación calidad-precio podrán incluir aspectos medioambientales o sociales, vinculados al objeto del contrato en la forma establecida en el apartado 6 de este artículo, que podrán ser, entre otros, los siguientes:

(…)

3. La aplicación de más de un criterio de adjudicación procederá, en todo caso, en la adjudicación de los siguientes contratos:

(…)



f) Contratos de suministros, salvo que los productos a adquirir estén perfectamente definidos y no sea posible variar los plazos de entrega ni introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato, siendo por consiguiente el precio el único factor determinante de la adjudicación.

(...).”

O artigo 116.4 da LCSP establece que “En el expediente se justificará adecuadamente: (...) c) Los criterios de solvencia técnica o profesional, y económica y financiera, y los criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato, así como las condiciones especiales de ejecución del mismo. (...)”.

Da normativa citada pódense extraer dúas conclusión: a primeira, que no contrato de subministración a regra xeral é a aplicación de máis de un criterio de adxudicación, e a segunda, que os criterios que se terán en conta para a adxudicación dos contratos deben quedar xustificados adecuadamente no expediente de contratación.

Na memoria que cosnta no expediente do día 04.12.2023 (CVD: Lo0cmNiWEt1o4CReb8nx) dise:

“(...) Como excepción, y a contrario mensú de lo que señala el art. 145.3, la utilización de un único criterio sólo será admisible cuando el órgano de contratación considere que la definición de la prestación no es susceptible de ser mejorada y en los contratos de suministros y servicios cuyas prestaciones estén perfectamente definidas técnicamente y no sea posible variar plazos ni introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato.

El presente contrato, en que el único criterio de adjudicación propuesto es el precio, no se encuentra en los supuestos contemplados en las letras a), b), c), d), e) h) del artículo 145.3 de la LCSP, estando tanto los presupuestos como las prestaciones a ejecutar perfectamente definidos en el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, no es posible variar los plazos de suministro, al tener que realizarse estos en las fechas consignadas en las prescripciones técnicas para permitir la ejecución de la actividad formativas adecuadamente en unas fechas concretas, no siendo tampoco aconsejable introducir modificaciones de ninguna clase en el contrato, siendo por consiguiente el precio el único factor determinante de la adjudicación.

En el establecimiento del criterio de adjudicación se han seguido los criterios y requisitos establecidos en el artículo 145 de la LCSP, optándose por un criterio de adjudicación que permita obtener suministros de gran calidad que respondan lo mejor posible a las necesidades municipales. El criterio elegido está vinculado al objeto de las contrataciones, ha sido formulado de manera objetiva, con pleno respeto a los principios de igualdad, no discriminación, transparencia y proporcionalidad, y no confieren al órgano de contratación una libertad de decisión ilimitada. Garantiza por otra parte la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva.”.

Non obstante, tendo en conta que o PCAP prevé un prazo de entrega de 7 días naturais (10 días para o material serigrafiado), entende a técnica que subscribe que non se xustifica debidamente no expediente que non poidan variarse os prazos de entrega nin que esta variación (redución), no seu caso, non afecte á mellora na prestación da subministración.

**Sétima.- Expediente de contratación.**

(...)

**CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente o prego e o expediente de contratación polos motivos sinalados na consideración xurídica sexta.

(...).”



**Terceira.-** Consta no expediente informe do técnico en promoción económica interino de data 17 de xullo de 2024 no que na súa conclusión sinala: “ (.../....) **5. Consideraciones acerca de la restante documentación presentada por la empresa.**”

*Una vez comprobada y analizada la documentación aportada por la empresa **Nippon Gases España, S.L.U.** queda **acreditada la solvencia técnica** de la misma, conforme a lo establecido en la cláusula 16 del PCAP, **así como la correcta presentación de a restante documentación requerida.**”*

Deberá incorporarse ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.

#### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto na consideración xurídica segunda, infórmase desfavorablemente a adxudicación do lote 4 do contrato de “Subministración necesaria para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (PLAN AFD 2023 - 2024)” (expediente TEdc 2023/C005/000015).

(...):

Visto o informe de intervención “INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA SMH SUBMINISTROS PLAN AFD 2023 - 2024. FASE D/2024”, asinado pola interventora accidental o día 09.09.2024 (CVD: KSheEvnrgcV8WQvqjFLt) no que se fiscaliza desfavorablemente e entre outras cousas, se sinala:

“(..)

#### **D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)**

[ X ] Fiscalizado **desfavorablemente (reparo non suspensivo):**

- **X\*.A:** tal e como consta no informe da interventora municipal de referencia LMR 29/2024 de 11 de febreiro (CVD: Ud5HBK22872YMesRc8WM), incúmrese o artigo 116.2 da LCSP dado que o expediente tedec número 2023/C005/000015 NON se refire á totalidade do obxecto do contrato por canto constátase a existencia do expediente tedec número 2023/C005/000008 que tamén ten por obxecto o subministro de material, nesta ocasión de EPI’S, para os CURSOS DO PLAN AFD 2023-2024 e para o TALLER DE EMPREGO “PROXEDIS SOCIO SANITARIO-EDUCATIVO” 2023-2024 e do expediente tedec número 2023/C005/000011 que ten por obxecto a contratación dos subministros de papelería e oficina necesarios para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2023-2024 e do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo”. Asemade, consta un expediente tedec número 2023/A008/000028 có obxecto Subvencións accións formativas para persoas traballadoras desempregadas 2023-2024 (TR301K) (PLAN AFD 2023-24) e un expediente tedec có obxecto 2023/A008/000028 có obxecto Subvención obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia ano 2023 Proxecto solicitado: “PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo polo que cada un deles constitue unha unidade funcional que debeu ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución. Ó afectar á fase de disposición de gastos o reparo debería ser suspensivo (art. 216.2.c TRLFL) pero, dado que por error no informe de fiscalización da fase A no se advertiu que o reparo suspendería a tramitación a partir da fase de adxudicación, considérsase que non é coherente atribuírle agora carácter suspensivo.
- **X\*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

**Advirto por escrito** que de conformidade coa cláusula 21 PCA:

“(..)

El contratista deberá tener suscritos los seguros obligatorios, así como un seguro que cubra las responsabilidades



que se deriven de la ejecución del contrato.

A tal fin, el licitador presentará, antes de comenzar la ejecución del contrato y una vez firmada la aceptación del acuerdo de adjudicación que le sea notificado, una copia de un Seguro de Responsabilidad Civil, con aseguradora legalmente autorizada, con el objeto de cubrir las obligaciones derivadas del objeto del contrato. Dicho seguro de Responsabilidad Civil deberá tener un límite de indemnización no inferior a 150.000 euros por siniestro y año para cubrir los daños materiales y/o personales y perjuicios consecuenciales ocasionados a terceros

(...)

Propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación admitindo nela a COMERCIAL DIRESA S.L., NIPPON GASES DE ESPAÑA S.L.U. e a CARBUROS METÁLICOS S.A. (Lote 4).

**Segundo:** Aprobar a valoración das ofertas presentadas no lote 4 da que resulta a seguinte orde de clasificación:

ORDEN	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Nippon Gases España, S.L.U.	100
2º	S.E. Carburos Metálicos, S.A.	93,46
3º	Comercial Diresa, S.L.	75,70

Isto, de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 02.05.2024.

**Terceiro:** Adxudicar o Lote 4 "Suministro de gases industriales para soldadura" ao licitador Nippon Gases España, S.L.U. no prezo ofertado de 8.152,50 € sen IVE, 9.864,53 € (IVE incluído), por ser a entidade que obtivo a mellor puntuación en aplicación do único criterio de valoración que consta na cláusula 12 do PCAP (prezo ofertado á baixa), sen que a súa oferta estea incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Cuarto:** Designar responsable do Lote 4 deste contrato ao técnico en promoción económica interino, José Luis González Cardalda, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Isto, de conformidade coa cláusula 17 do PCAP.

**Quinto:** A formalización dos contratos deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP. Isto, de conformidade co establecido na cláusula 16.3 do PCAP.

**Sexto:** Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>) e dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso - administrativa.





O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de setembro de 2024 (CVD: luo1OJrFbfBAKIo6M6m8), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Cuatro (4), dos/as Sres./as: Pan Lesta, González Leirós, Mallo Castro e Díaz Baldomir.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as.: Varela Fraguío e Castro Uzal,

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de setembro de 2024 (CVD: luo1OJrFbfBAKIo6M6m8), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### **3.2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E EQUIPOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO DE OPERACIÓNS DE FONTANERÍA E CALEFACCIÓN - CLIMATIZACIÓN DOMÉSTICA DO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO (PLAN AFD 2023 - 2024) DO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE 2024/C002/000011**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 12 de setembro de 2024 (CVD: R4s1RzwZ4a9mh2+DaRW4), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

- Visto que con data 26 de marzo de 2024 recibíuse providencia da Alcaldesa solicitando o inicio dun expediente de contrato menor para a subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica do plan formativo para o emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre (CVD: 59TS8/LtJo72dsVJGOwM) coa finalidade de permitir que o alumnado contase en prazo cos materiais e equipos precisos para seguir coa súa formación e poder impartir este programa conducente á obtención do correspondente certificado de profesionalidade.
- Visto que con data 24 de marzo de 2024 asinouse pola Alcaldesa, o concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Turismo e Patrimonio e o técnico en promoción económica a proposta e informe de necesidade da contratación da subministración de materiais e equipo para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre por un importe máximo de 17.436,44 € IVE incluído (CVD: 6Lp6tChIQ7fcDwRsUPsU), ao que se engadía o informe motivado da contratación da subministración de data 27 de marzo de 2024 (CVD: LO/dwM8HfN2eZwoBhxYY) e as especificacións técnicas aplicables á devandita



contratación, de data 23 de abril de 2024 (CVD: NoJlgiYIMunUxht3z/wS), asinados estes dous últimos pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e polo técnico en promoción económica.

- Visto que con data 7 de xuño de 2024 emitiuse informe pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral, que consta na plataforma TEDeC co número 2024/C002/000011 (CVD: VXJRoyncZkTLJO2Qz8dg), no que se concluíu o seguinte:

#### **“CONCLUSIÓN:**

*En atención ao exposto, non procede a contratación como contrato menor Suministro de materiais y equipos para el desarrollo del curso de operaciones de fontanería y calefacción - climatización doméstica del plan formativo para el empleo (Plan AFD) 2023 - 2024 del Ayuntamiento de Cambre, que consta na plataforma TEDeC co número 2024/C002/000011”.*

- Visto que consta no expediente o documento acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente co número de operación: 17/2024 - 220240000349, con cargo á partida orzamentaria 241 22199 2023 Outros suministros fomento de emprego, de data 23 de abril de 2024, sentado no libro diario de contabilidade orzamentaria con data 2 de abril de 2024 (Código para validación: HHP01-CRAE4-630JK).
- Visto que con data 10 de xuño de 2024 ditouse providencia pola Alcaldía, tendo en conta a entidade do obxecto dos contratos menores e considerando conveniente darlle a máxima publicidade a través do perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (en adiante PLACSP), dispoñendo a publicación no perfil do contratante do Concello de Cambre dun anuncio no que se concederon 3 días hábiles para a presentación de ofertas a partir do día seguinte ao da publicación, respecto do expediente de contratación de referencia, dispoñendo igualmente a publicación da descrición técnica valorada, dos anexos e dos criterios de adxudicación que constaban no antedito expediente, e indicando que as ofertas, acompañadas da correspondente declaración responsable, deberían de presentarse electrónicamente a través da PLACSP, segundo os modelos anexos (CVD: D: jByBLR+UMfGaqVQVhByL), realizándose esta publicación o mesmo día 10 de xuño de 2024 ás 11:00 horas na PLACSP ([https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04\\_Sj9CPyKssy0xPLMnMz0vMAfjU1JTC3ly87KtUJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w\\_Wj9KMyU1zLcvQjfXxVDTJdfVPzK81DVA0SLV3S\\_bXzi70Dbw31C3JzHQEV\\_RG2/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPyKssy0xPLMnMz0vMAfjU1JTC3ly87KtUJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w_Wj9KMyU1zLcvQjfXxVDTJdfVPzK81DVA0SLV3S_bXzi70Dbw31C3JzHQEV_RG2/))
- Visto que presentou na Plataforma de Contratación do Sector Público oferta en prazo a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Data
SUMINISTROS BERMÚDEZ ULLOA S.L.	12/06/2024

- Visto que con data 17 de xuño do 2024 procedeuse á descarga da PLACSP da oferta presentada e ao seu traslado á Axencia de Desenvolvemento Local a través da plataforma TEDeC para continuar coa tramitación do expediente.
- Visto o informe de selección de contratista emitido polo técnico en promoción económica municipal o día 18 de xuño de 2024 (CVD: u87qVGptLF3acxORUSHo), que entre outras cousas di:

**“Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, segundo o establecido no informe de necesidade de data 24 de abril de 2024 (CVD: 6Lp6tChIQ7fcDwRsUPsU), asinado pola Alcaldesa, o concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Turismo e Patrimonio e o técnico en promoción económica, segundo o recollido igualmente no Informe motivado de la contratación del suministro de materiales y equipos para el desarrollo del curso de operaciones de fontanería y calefacción - climatización doméstica, del Plan Formativo para el Empleo (Plan AFD) 2023 - 2024 del Ayuntamiento de Cambre, de data 27 de marzo de 2024 (CVD: LO/dwM8HfN2eZwoBhxYY), que no seu punto 10 establecía os criterios de adxudicación a xustificación da súa elección.





De conformidade co establecido na Instrución de Alcaldía respecto da tramitación dos expedientes de contratación nos contratos menores, de data 10 de maio de 2018 (CVD: Sapuke/tKVO2cquDc2Wm), con relación ao informe de selección de contratista,

### Proporse

Adxudicar o contrato menor correspondente á subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica do plan formativo para o emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre, á empresa **Suministros Bermúdez Ulloa S.L.**, con NIF: **B15794092**, e domicilio na Avenida de Almeiras, 21, 15180 Almeiras (Culleredo), no prezo ofertado de **14.405,00 € sen IVE, e 17.430,05 €** co 21% do IVE incluído, por ser a empresa que fixo a única e mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

O criterio da valoración, o prezo, aplícase proporcionalmente ás ofertas presentadas, asignando a máxima puntuación á oferta con menor prezo (art. 102 LCSP) con respecto ao orzamento de licitación (art. 100 LCSP), outorgándose a puntuación ao resto das ofertas mediante a aplicación dunha fórmula automática (Máximo 100 puntos), tal e como se recolle de seguido:

$$\text{Puntuación} = \frac{\text{Orzamento base de licitación} - \text{Prezo a valorar}}{\text{Orzamento base de licitación} - \text{Prezo máis baixo}} \times 100$$

Empresa	Prezo ofertado	Aplicación fórmula	Puntuación
SUMINISTROS BERMÚDEZ ULLOA S.L.	17.430,05 €	$\frac{17.436,44 \text{ €} - 17.430,05 \text{ €}}{17.436,44 \text{ €} - 17.430,05 \text{ €}} \times 100 = \frac{6,39}{6,39} \times 100 = 100$	100,00 pts

### Táboa : aplicación da fórmula e puntuación acadada

De conformidade co establecido no artigo 96.1 da LCSP, faise constar que a empresa proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, acreditándose desta forma as condicións de aptitude do empresario en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, estando o seu obxecto social constituído polas seguintes actividades "... o comercio por xunto e polo miúdo de materiais de construción, ferraxaría, fontanería, calefacción e gas. Se as disposicións legais existen algún título profesional para o exercicio dalgunha actividade comprendida no obxecto social, realizarase por medio de persoa que ostente a requirida titulación. A sociedade poderá desenvolver as actividades do seu obxecto social total ou parcialmente, de modo directo ou indirecto, mediante a titularidade de accións ou de participacións en sociedades españolas ou estranxeiras con obxecto idéntico ou análogo, ou mediante calquera outras fórmulas admitidas en dereito", axustadas para poder levar a cabo as prestacións obxecto da presente contratación a xuízo do técnico informante, constituídas pola subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en numerosos ditames, como o 40/1995, do 7 de marzo, sinalaba xa que non podían eludirse nos contratos de escasa contía as normas esenciais de toda a contratación administrativa e as normas propias da aprobación de gastos e, entre elas, á necesaria capacidade do contratista. Un informe da Intervención Xeral da Administración do Estado do 29 de xullo de 2016 precisaba que nos contratos menores non tiña por que quedar constancia da acreditación da solvencia técnica do empresario, debido ás simplificacións procedimentais fixadas no artigo 111 do TRLCSP vixente nese momento, pero iso non implicaba que non fora necesario que o adxudicatario do contrato menor contase coa debida capacidade de obrar, solvencia e habilitación profesional necesaria para realizar o obxecto do contrato. Este criterio mantense no Informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado 21/2016, de 27 de abril, que reiteraba que, en todos os contratos públicos, incluídos os menores, resultaba necesario que no contratista concorran os requisitos de aptitude, aínda que, nos contratos menores, pola súa pequena contía, o contratista estaba exceptuado de acreditalo.



Ademais, faise constar que a empresa presentou a seguinte documentación que ten sido anexada ao expediente de contrato menor:

- Oferta económica de contrato menor conforme ao modelo existente na PLACSP.
- Declaración responsable de contrato menor conforme ao modelo existente na PLACSP, na que se autoriza ao Concello de Cambre á consulta dos datos relativos á empresa **Suministros Bermúdez Ulloa S.L.**, inscrita co nº 4438 no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia.
- Orzamento nº 4004001 da subministración de data 11 de xuño de 2024, co desglose dos diferentes elementos e os prezos unitarios dos mesmos.
- Informe/certificado de titularidade de código de conta bancaria da entidade.

Xúntase no expediente, ademais da oferta da empresa, documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social e co Concello de Cambre.

- Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 4438 da empresa **Suministros Bermúdez Ulloa S.L.**, de data 18 de xuño de 2024 (código Seguro de Verificación: 3e5220683afbb3d057dc909e66bcc32f80e840bd), no que se recollen o certificado de cumprimento coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia, o certificado de cumprimento coas obrigas tributarias do Estado e o certificado de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social, de datas de emisión 23 de febreiro de 2024 e vixencia ata o 23 de agosto de 2024.
- Informe da Tesourería do Concello de Cambre, de data 18 de xuño de 2024 (CVD: INUZk7eRMMTubj4qjuc0), no que se consta que a empresa non ten débedas contraídas co Concello.
- Certificación emitida pola Axencia Tributaria de Galicia, de data 18 de xuño de 2024, para os efectos do previsto no artigo 71.1.d) da LCSP, na que se indica non consta que **Suministros Bermúdez Ulloa S.L.** con NIF B15794092, teña pendentes débedas en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida e unha validez de seis meses (Código seguro de verificación 0382 CD8F DAEC 3746).

No expediente de contratación consta o informe de necesidade e o informe motivado da contratación, documentos nos que quedou reflexado o obxecto do contrato, xustificando que non se estaba alterando o mesmo para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, o íter percorrido ata a tramitación do contrato baixo a modalidade de contrato menor e a xustificación da necesidade do contrato, as especificacións técnicas da prestación, a xustificación do procedemento empregado, o valor estimado, o orzamento do contrato e a súa forma de determinación, a aplicación orzamentaria, o prazo de duración ou execución do mesmo, o lugar da prestación e a forma de pago do prezo, entre outros aspectos. Figura igualmente no expediente o documento contable de retención de crédito para xustificar a existencia do mesmo, xunto coa oferta e declaración responsable da empresa que presentou oferta.

- Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, co conforme da secretaria xeral, de data 27 de xunio de 2024 (CVD: ZATkjlVwBwfJyQ9RO8U2), que entre outras cousas di:

**“Segunda:** Danse por reproducidas as consideracións xurídicas expostas no informe emitido pola técnica que subscribe, coa conformidade da secretaria xeral, o día 07.06.2024 (CVD: VXJRoyncZkTLJO2Qz8dg) neste expediente que, entre outras cousas, din:

“(…)”

**Segunda:** O artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (modificado polo Real decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro) regula o expediente de contratación en contratos menores dispoñendo o seguinte:

“1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.



3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanzidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4." Polo que atinxe a súa duración o artigo 29.8 do dito texto legal establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga."

**Terceira:** O artigo 65 da LCSP dispón, á hora de regular a capacidade para contratar, que só poderán contratar co sector público as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou, nos casos en que así o esixa a lei, se atopen debidamente clasificadas.

Engade o parágrafo segundo do dito artigo que os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato. Especificamente, para os contratos menores o artigo 131.3 da LCSP preceptúa que

"3.Los contratos menores podrán adjudicarse directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar y que cuente con la habilitación profesional necesaria para realizar la prestación, cumpliendo con las normas necesarias en el artículo 118"

Os órganos de fiscalización externos e os órganos consultivos son reiterativos en limitar a utilización dos contratos menores só para satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas e perfectamente definidas e urxentes.

O obxectivo da nova regulación dos contratos menores da lei é reconducir o contrato menor a situacións excepcionais. As características das prestacións que poden ser contratadas mediante contratos menores deberán satisfacer necesidades puntuais e esporádicas, concretas, perfectamente definidas e urxentes. A sensu contrario, non poden utilizarse os contratos menores para atender necesidades periódicas e previsibles.

A oficina independente de Regulación e supervisión da contratación, na Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sinala, entre outras cousas, que "Así, la propia Ley, reduce la contratación directa a situaciones extraordinarias".

A instrucción anteriormente citada da OIRESCON sinala no seu apartado II que "De acuerdo con el principio de competencia y como medida antifraude y de lucha contra la corrupción, el órgano de contratación solicitará, al menos, tres presupuestos, debiendo quedar ello suficientemente acreditado en el expediente. Si las empresas a las que se les hubiera solicitado presupuesto declinasen la oferta o no respondiesen al requerimiento del órgano de contratación, no será necesario solicitar más presupuestos. Las ofertas recibidas así como la justificación de la seleccionada formarán, en todo caso, parte del expediente. De no ser posible lo anterior, deberá incorporarse en el expediente la justificación motivada de tal extremo".

No suposto examinado, a xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha necesidade previsible (segundo o informe técnico que consta no expediente, o curso foi aprobado pola resolución do día 25.09.2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia).

Tampouco pode atribuírselle a esta contratación o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal. Debe recordarse que a LCSP, no seu artigo 28.4, obriga ás entidades do sector público a programar a súa actividade de contratación pública.

En definitiva, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.

Respecto da práctica relativa a que nalgúns expedientes de contratación, cuxa tramitación se propón polos técnicos responsables como contrato menor, a Sra. alcaldesa ven dispoñendo que se proceda á publicación no perfil do contratante un anuncio polo que se conceda un prazo para a presentación de ofertas, cabe indicar que a dita publicación no perfil do contratante non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación no perfil do contratante nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

**Cuarta:** O artigo 99.2 da LCSP establece que "No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan". Como se indicou na consideración xurídica



primera deste informe, o artigo 118.1 da LCSP limita a tramitación como contrato menor daquelas subministracións cuxo valor estimado non supere o importe de 15.000 euros.

Consta na plataforma TEdE c o expediente número 2023/C005/000015 cuxo lote 5 ten por obxecto "Suministro de materiais y equipos para fontanería y calefacción y montaje y mantenimiento de instalaciones solares térmicas artículos para energía solar y fontanería", contempla el suministro del conjunto de materiales y equipos, incluyendo maquinaria y herramienta, tuberías y accesorios y otros materiales de aporte y desoxidante, necesarios para el desarrollo de los cursos de "Operaciones de fontanería y calefacción - climatización doméstica" y "Montaje y mantenimiento de instalaciones solares térmicas" aprobados (...). Segundo se deriva da acta da mesa de contratación do día 08.04.2024, compróbase que non constan ofertas neste lote 5 polo que se propón declalo deserto. O presuposto base de licitación deste lote ascendía a 21.345,78 € (IVE incluído), 15.207,88 € (importe sen IVE). O valor estimado ascendía a 17.641,14 €.

No suposto examinado, o presuposto base de licitación é de 17.436,44 € (IVE incluído), 14.410,28 € (importe sen IVE) e o valor estimado é de 14.410,28 €.

No informe técnico de necesidade que obra no expediente, asinado polo técnico en promoción económica interino, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Turismo e Patrimonio e a responsable da Axencia de Desenvolvemento Socioeconómico o día 24.04.2024 (CVD: 6Lp6tChlQ7fcDwRsUPsU) xustificase esta diminución do precio do contrato dicindo que "La diferencia con respecto al presupuesto del lote nº 5 del expediente 2023/C005/000015 obedece a la eliminación de aquellos productos que no serán demandados al renunciarse a la impartición del curso núm. 2023/005149 de montaje y mantenimiento de instalaciones solares térmicas, aceptada por resolución de la jefatura territorial de la Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de la Xunta de Galicia de 7 de marzo de 2024 y que si aparecían recogidos en el presupuesto consignado en el expediente anteriormente referenciado".

A xuízo da técnica que subscribe, non se xustifica axeitadamente que non se diminuiu a contía do mesmo co fin de eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

A maior abundamento, debe sinalarse que en ningún caso a normativa vixente prevé que a falta de presentación de ofertas nunha contratación xustifique que poida acudirse á contratación como contrato menor. É mais, para este suposto, ademais do procedemento aberto, a LCSP permite acudir ao procedemento negociado sen publicidade sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o orzamento base de licitación nin modificar o sistema de retribución (artigo 168.1.a.) da LCSP).

#### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto, non procede a contratación como contrato menor Suministro de materiais y equipos para el desarrollo del curso de operaciones de fontanería y calefacción - climatización doméstica del plan formativo para el empleo (Plan AFD) 2023 - 2024 del Ayuntamiento de Cambre, que consta na plataforma TEdE c o número 2024/C002/000011.

(...)"

**Terceira:** Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP o día 10.06.2024 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abriu un prazo de presentación de ofertas de 3 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

Non se estudan o resto dos extremos deste expediente, nin de fondo nin de forma, por canto que entende quen subscribe que non procede a súa adxudicación.

Non obstante, de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase da necesidade de incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal.

#### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto, non procede a contratación, como contrato menor, da Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre, que consta na plataforma



TEDeC co número 2024/C002/000011.

É o que expoño neste informe, coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito”.

- Visto que con data 14 de xullo de 2024 emitiuse informe pola Intervención municipal co título “Informe de existencia de crédito ao contrato menor denominado “Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre”. Número de expediente: 2024/C002/000011”, (CVD: 1bd3zeu4Nh0CHC2ecA5P) no que, tras pronunciarse sobre a existencia e adecuación do crédito, conforme se estipula no 219.2 TRLRFL, invócase a vulneración dos artigos 99.2 e 118.2 da LCSP, así como o incumprimento da base 26ª das de execución do orzamento 2023 prorrogado, emitindo reparo suspensivo por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dada a omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais, tal e como se transcribe de seguido:

#### “INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE

**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2024 esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de **17.436,44 €** para o obxecto denominado “**RC CM SUMINISTRO MATERIALES CURSO OPERACIONES DE FONTANERÍA AFD 2023/2024**”. O crédito en cuestión se atopa na fase contable **RC** có número de operación e número de referencia sinalado no **antecedente 8. deste informe**.

O 10% dos recursos ordinarios do orzamento do Concello de Cambre para o exercicio 2023 prorrogado ascende a 1.935.729,05 €

**SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento 2023 prorrogado do Concello de Cambre dispón:  
“(…)

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

(…)

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.

(…)”

Consta no expediente 2024/C002/000011 documento denominado Anexo I Informe necesidad-pdf asinado o 24.04.2024 polo técnico en promoción económica, polo concejal delegado del Área de Desarrollo Local, Turismo y Patrimonio e pola alcaldesa (CVD: 6Lp6tChlQ7fcDwRsUPsU) cuxo apartado 4.- dispón o seguinte:

**“ 4. JUSTIFICACIÓN DE QUE LA CONTRATACIÓN PRETENDIDA NO SUPONE UN FRACCIONAMIENTO DEL OBJETO DEL CONTRATO PARA EVITAR LA APLICACIÓN DE LAS NORMAS GENERALES DE CONTRATACIÓN:**

(…/…)”

Al tratarse de una necesidad puntual y esporádica, concreta y perfectamente definida, y urgente, resulta posible acudir a la contratación de los suministros previstos mediante el procedimiento de contrato menor regulado en el artículo 118 de la LCSP y en la Resolución de 6 de marzo de 2019, de la Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de la Contratación, por la que se publica la Instrucción 1/2019, de 28 de febrero, sobre contratos menores, regulados en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre y posterior nota aclaratoria de la misma. La urgencia de la contratación obedece al hecho de quedar desierta la licitación mediante procedimiento abierto simplificado en la que inicialmente se encontraban incluidos como lote 5 los suministros objeto del presente contrato, iniciado el día 1 de diciembre de 2023, encontrándose esta contratación, a fecha de hoy, pendiente de adjudicar.(…)”

Se ben non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor, neste caso particular xa advertín que o PLAN AFD 2023 - 2024 constitúe unha unidade funcional polo que debe ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución.





Asemade, o feito de que existan os expediente tedec citados nos antecedentes deste informe cuxos obxectos se corresponden con prestacións de servizos e subministrados enmarcadas no Plan AFD 2023-2024, pon de manifesto un fraccionamento do obxecto do contrato o cal infrinxe o artigo 99.2 da LCSP o cal establece que:

*"No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan"*

En consecuencia dada a vulneración dos artigos 99.2 e 118.2 da LCSP así como visto o incumprimento da base 26ª das de execución do orzamento 2023 prorrogado, emito un **reparo suspensivo** por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL dada a omisión no expediente de tramites ou requisitos esenciais".

- Visto o informe do técnico en promoción económica de data 26 de xullo de 2024 (CVD: HjeOuTyY04aUi762KlpD) ao reparo suspensivo formulado pola Intervención no contrato menor denominado "Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o Emprego (Plan AFD 2023 - 2024) do Concello de Cambre", que se reproduce de seguido nos seus puntos 3 e 4:

"...

### 3. Consideracións acerca dos informes de Secretaría obrantes no expediente

Constan no expediente de contratación informes de secretaría de datas 7 e 28 de xuño de 2024 (CVD: VXJRoyncZkTLJO2Qz8dg e ZATkjlVwBWfJyQ9RO8U2 respectivamente) nos que se conclúe que "En atención ao exposto, non procede a contratación, como contrato menor, da Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o emprego (Plan AFD) 2023 - 2024 do Concello de Cambre, que consta na plataforma TEDeC co número 2024/C002/000011". Fundaméntase a anterior conclusión nas seguintes argumentacións:

*"No suposto examinado, a xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha necesidade previsible (segundo o informe técnico que consta no expediente, o curso foi aprobado pola resolución do 25.09.2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia).*

*Tampouco pode atribuírselle a esta contratación o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal. Debe recordarse que a LCSP, no seu artigo 28.4, obriga ás entidades do sector público a programar a súa actividade de contratación pública.*

*En definitiva, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder utilizar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.*

*Respecto da práctica relativa a que nalgúns expedientes de contratación, cuxa tramitación se propón polos técnicos responsables como contrato menor, a Sra. alcaldesa ven dispoñendo que se proceda á publicación no perfil do contratante un anuncio polo que se conceda un prazo para a presentación de ofertas, cabe indicar que a dita publicación no perfil do contratante non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación no perfil do contratante nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.*

...

*A xuízo da técnica que subscribe, non se xustifica axeitadamente que non se diminuíu a contía do mesmo co fin de eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.*

*A maior abundamento, debe sinalarse que en ningún caso a normativa vixente prevé que a falta de presentación de ofertas nunha contratación xustifique que poida acudirse á contratación como contrato menor. É mais, para este suposto, ademais do procedemento aberto, a LCSP permite acudir ao procedemento negociado sen publicidade sempre que as condicións iniciais do contrato non se*





modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o orzamento base de licitación nin modificar o sistema de retribución (artigo 168.1.a.) da LCSP”.

Con relación as anteriores argumentacións, **non pode compartirse a non consideración da urxencia da necesidade**, xa que nunhas actividades formativas como as que se veñen realizando tanto na modalidade de formación para o emprego (Plan AFD), como no Obradoiro de Emprego Proxedis Socio Sanitario - Educativo 2023, **os materiais e equipos para o desenvolvemento dun curso, como é o de operacións de fontanería e climatización doméstica, resultan fundamentais, sendo imposible impartir a devandita formación sen contar con eles**. A vinculación dos materiais e equipos de fontanería coa satisfacción das necesidades formativas, ademais de obedecer a principios metodolóxicos e didácticos amplamente contrastados no transcurso dos séculos, constitúen tamen necesidades ou recursos esixidos nas diferentes convocatorias de subvención e regulacións de certificados de profesionalidade nos que quedan inseridas ditas actividades formativas. **Tampouco poden compartirse as referencias acerca da falta de planificación para rexeitar a calificación como urxente desta contratación**. É precisamente esta planificación, e o coñecemento dos tempos nos que se están tramitando os diferentes expedientes de contratación en curso, o que leva a decantarse por este modalidade de contratación. Sendo as resolucións de concesión das subvencións destinadas ao financiamento destas accións formativas de setembro e outubro do ano 2023 respectivamente, iniciouse a tramitación dun expediente para a contratación das subministracións necesarias para o desenvolvemento dos cursos do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD 2023 - 2024) como procedemento aberto simplificado conforme ao establecido no artigo 159.6 da LCSP o día 1 de decembro de 2023 (expediente 2023/C005/000015). Reunida con data 12 de marzo de 2024 a mesa de contratación co obxecto de proceder á apertura e valoración das ofertas recibidas polos licitadores e a ulterior proposta de adxudicación, non se recibiu oferta algunha para el lote nº 5 do devandito expediente (subministración de equipos e materiais para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica), conforme ao estipulado no PCAP, quedando este deserto, iniciándose o 26 de marzo de 2024 un expediente para a contratación destes subministros baixo a modalidade de contrato menor do artigo 118 da LCSP pola urxencia da súa necesidade. **O paso do tempo, iniciándose a tramitación deste novo expediente xa en marzo do 2023, e atopándonos a día de hoxe aínda sen materiais e equipos para o curso (tendo transcorrido xa tres meses), evidencia que a vía do contrato menor era a única axeitada e posible para poder cubrir estas necesidades nos tempos que se precisaban, pola súa rapidez e axilidade**. Basta con examinar o estado de tramitación das restantes contratacións asociadas a estas actuacións formativas para constatar este feito. Propúxose o procedemento de contratación establecido no art. 118 LCSP ao tratarse dunha necesidade puntual e esporádica, concreta e perfectamente definida, e urxente, o que permitía acudir á contratación das subministracións previstas mediante o procedemento de contrato menor regulado no artigo 118 da LCSP e na Resolución do 6 de marzo de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro e posterior nota aclaratoria da mesma. A urxencia da contratación obedece á necesidade de contar con materiais e equipos para que os e as docentes podan comezar coas súas actividades prácticas. Hai que sinalar novamente a existencia de informes que recoñecen o sentido útil da contratación menor, como poden ser o 1/2018 da Xunta Consultiva de de Canarias, que recoñece o contrato menor como un instrumento válido e legal para levar a efecto o aprovisionamento de bens e servizos, explicando que este tipo de contratos supón “un réximen jurídico dirixido a atender la necesidad de simplificar el procedimiento administrativo en aquellos supuestos en los que debe primar la agilidad con que han de ser atendidas determinadas necesidades de reducido importe económico, así como su adecuación a los usos habituales del mercado respecto de determinados bienes y servicios”. No ánimo de normalizar este tipo de contratacións previstas no art. 118 da LCSP hai que citar igualmente o informe do expediente 8/20 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que lembra que na Unión Europea tamén existen este tipo de contrato “en el ámbito comunitario y a modo de ejemplo, en el Reglamento 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio de 2018, sobre las normas financieras aplicables al presupuesto general de la Unión se contemplan, entre otras cuestiones, los contratos de escasa cuantía, es decir, inferior a 60 mil euros, y los de muy escasa cuantía (inferior a 15 mil), no exigiéndose para estos últimos ningún tipo de publicidad, ni previa ni posterior a su adjudicación ni tampoco la necesidad de solicitar un número mínimo de ofertas a los licitadores. La cercanía de tales figuras con nuestro contrato menor resulta patente. Podemos comprobar, por tanto, que esta forma de adjudicación directa ni es nueva ni es extraña en el derecho comunitario, y que tanto en el ámbito nacional como en el europeo se contempla la adjudicación de contratos de manera directa, sin publicidad previa ni procedimiento competitivo en aquellos contratos de valor estimado muy escaso”. **Pero ademais, hai que invocar novamente principios consagrados en diferentes disposicións legais**, como pode ser a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que no seu artigo 3 contempla como principiois xerais para que as administracións públicas logren servir con obxetividade os intereses xerais e actúen cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito, que estas deben respectar, na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de servizo efectivo aos cidadáns, ... **eficacia no cumprimento dos obxectivos**



**fixados, economía, suficiencia e adecuación estricta dos medios aos fins institucionais e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.**

En canto as consideracións realizadas acerca da publicación na PLACSP, si parece que a mesma contribuiu ao cumprimento do establecido na LCSP, en canto a garantía de que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, e de asegurar, en conexión co obxectivo da estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, consagrados polo artigo 1 da LCSP. Tanto a publicación como o procedemento empregado permitiron conseguir os obxectivos enunciados pola LCSP na súa exposición de motivos e en diferentes partes do seu texto articulado, de conseguir unha mellor relación calidade prezo, liberdade de acceso á licitación, publicidade, transparencia e igualdade de trato entre os licitadores. **Non resulta polo tanto posible compartir as aseveracións relativas a que como consecuencia de tramitarse como contrato menor se evitasen a publicidade, a libre concorrència, a igualdade e a transparencia que debe presideir toda a contratación pública.** Mais o contrario, houbo publicidade.

Por outra banda, coa contratación pretendida non se produce fraccionamiento algún nin se está alterando o obxecto do contrato para evitar os principios da contratación pública. De conformidade co establecido no artigo 99.2 da LCSP: "No podrá fraccionarse un contrato con la finalidad de disminuirla cuantía del mismo y eludir así los requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan". A cuestión fundamental é determinar cando se está ante un suposto permitido ou non de fraccionamiento dun contrato. Nada impide que o órgano de contratación fraccione un determinado contrato, o que se persigue é o fraude de lei cometido con este fraccionamiento. A problemática xurde cando o órgano de contratación, co obxectivo de poder adxudicar diversos contratos sen necesidade de cumprir coas obrigas de licitación, divide un contrato en diversas prestacións para, a continuación, adxudicalas directamente como contratos menores. A cuestión foi trasladada á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que tense pronunciado en diversas ocasións, como nos informes 31/2012 e 86/2018, entre outros, nos que se dí que: "...existe fraccionamiento del objeto del contrato siempre que se divida este con la finalidad de eludirlos requisitos de publicidad o los relativos al procedimiento de adjudicación correspondiente, y ello, aunque se trate de varios objetos independientes, si entre ellos existe la necesaria unidad funcional u operativa. Correlativamente, no existirá fraccionamiento siempre que se trate de diversos objetos que no estén vinculados entre sí por la citada unidad...". Con base nas anteriores premisas, resulta determinante para concluir cando media identidade ou equivalencia entre as distintas prestacións, o concepto de unidade funcional ou operativa, é dicir, a existencia duha ligazón operativa entre os devanditos obxectos, de tal modo que resulten imprescindibles para o logro que se pretende conseguir mediante a celebración do contrato. Si tal circunstancia se da, a división do contrato implicaría un fraccionamento non xustificable dado que o obxecto do contrato é único. Sin embargo, unha vez sentada esta explicación, a propia Xunta en diversos informes concluíu que corresponde ao órgano de contratación a análise de cada caso concreto, sobre as bases dos requisitos de unidade funcional ou ligazón operativa, sen que caiba ofrecer unha solución única e xeral á cuestión. Todo isto leva a observar que hai varios elementos a considerar para identificar un fraccionamento ilegal dun contrato: por unha banda, que exista unidade funcional, é dicir, que todos os elementos ou prestacións dos diversos contratos fraccionados atendan a un fin único que podía lograrse mediante a subscripción dun único contrato e que resulten imprescindibles para o logro que se pretende conseguir mediante a celebración deste e, por outra banda, que o fraccionamento se fixera co obxecto de escapar do réxime xurídico que correspondería ao contrato de non terse fraccionado. Non concorre esta última circunstancia no contrato presente, xa que non estamos ante un fraccionamento dirixido a eludir regras xerais de publicidade ou de concorrència, senón que estamos nun caso no que, tramitándose un expediente de contratación cun procedemento aberto simplificado no que se contemplaban a totalidade das prestacións precisas para o desenvolvemento das accións formativas, como é o expediente 2023/C005/000015 "Contratación de los suministros necesarios para el desarrollo de los cursos del plan formativo para el empleo (Plan AFD) 2023 - 2024", procedemento aberto simplificado do artigo 159.6 da LCSP, resulta materialmente imposible dispoñer dos materiais e equipos previstos para o desenvolvemento do curso, ao non recibirse oferta algunha para o lote que o englobaba. Deste xeito, non pode apreciarse que se estea a acudir á figura do contrato menor para fuxir da aplicación dos principios da contratación pública, senón que se recorre a este procedemento para satisfacer unhas necesidades urxentes que non poden atenderse doutra forma, considerando as datas nas que andamos e o estado de tramitación do expediente de contratación onde inicialmente quedaban comprendidas istas. Ante a urxencia das necesidades para poder realizar o curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, e



resultando imposible adjudicar a contratación destas subministracións, peza clave para poder realizar esta actividade programada polo Concello, recurriuse a esta contratación mediante a figura do contrato menor. Coa presente contratación se pretendían satisfacer as necesidades xa exportas reiteradamente de contar cos materiais necesarios para impartir esta acción formativa aprobada pola Xunta de Galicia, según determinan os expertos docentes desta especialidade, e que se consideran imprescindibles para a súa realización. A especificidade das prestacións que se precisan para a realización destas actividades, a cargo de empresas especializadas e que contan cun medio humano e equipamento do que non se dispón no Concello, fixo preciso acudir á contratación externa das mesmas entre quen teña experiencia na realización de subministracións de materiais de fontanería e calefacción. Trátase de prestacións relacionadas co desenvolvemento das competencias municipais en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral, consagradas en diferentes disposicións legais e executadas ao longo dos últimos anos por parte do Concello de Cambre, sendo as persoas beneficiarias destas actividades os veciños e veciñas de Cambre, quen disporán dunha oferta formativa adaptada á consecución dunha homologación que lles permita incorporarse a un mercado laboral cunha ampla demanda de profesionais.

Lembrar, doutra banda e unha vez mais, que tal e como se establece no artigo 3 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, "Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas". Estamos ante feitos que deben interpretarse nun contexto e nunha realidade na que non se pretende en ningún caso eludir á legalidade, senón respectar as normas e ao mesmo tempo conseguir os obxectivos pretendidos, sen deixar de lado a equidade na aplicación das normas que debe ser ponderada, tal e como dispón o referido artigo. Nesta liña, as solucións adoptadas enmarcanse na necesidade imperiosa de paliar a demora constatada na tramitación dos expedientes, incluso naqueles que deberían ser áxiles e rápidos, como é o caso dos contratos menores, que tardan en tramitarse unha media superior aos 3 meses. O mesmo pódese dicir dos contratos abertos supersimplificados, os cales presentan no noso Concello uns tempos de tramitación superiores aos 4 e 5 meses. Esta problemática afecta particularmente nos casos de actividades financiadas con subvencións concedidas cun prazo establecido para a execución e posterior xustificación, como é o caso das accións formativas enmarcadas dentro do Plan Afd 2023 - 2024 subvencionadas por Resolución de 25 de setembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. Neste caso concreto, tramitouse como contrato menor a contratación dos seguros de accidentes e responsabilidade civil para o alumnado, necesario para iniciar os cursos, xa que estas persoas deben estar cubertas polas pólizas de accidentes e responsabilidade civil ao comenzo da acción formativa e a Xunta de Galicia require cumprir con este requisito para proceder a autorizar o seu inicio. Con data 7 de novembro de 2023 asinouse a providencia do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación para o inicio do expediente de contratación que rematou con data 6 de febreiro de 2024, cun período de tramitación de 4 meses o que provocou que tres cursos de formación tiveran que rexeitarse pola imposibilidade de cumprimento de prazos, coa perda dunha subvención de 224.710,50 euros, sen entrar a valorar o perxizo sobre as persoas do municipio destinatarias destas accións formativas:

Denominación da acción formativa	Duración (en horas)	Beneficiarios/as	Importe da subvención devolta (por non poder cumprir cos prazos)
Xestión integrada de Recursos Humanos	808	15 alumnos/as	80.233,20 euros
Soldadura oxigás soldadura MIG/MAG" (programada despois de sol electrodo rev. e TIG)	678	15 alumnos/as	78.264,30 euros
Montaxe e mantemento de Inst solares térmicas (programada despois de op. fontanería)	658	15 alumnos/as	66.213,00 euros
<b>Total subvención NON executada</b>	<b>2.144</b>	<b>45 alumnos/as</b>	<b>224.710,50 euros</b>

Outros exemplos dos extensos tempos de tramitación dos contratos necesarios para a impartición destas accións formativas son a contratación mediante procedemento aberto simplificado dos equipos de protección individualizada, ou de papelería, ou o as subministracións varias de ferretería, gases, material para soldadura, etc. Dous destes procedementos tiveron unha tramitación de entre 10 e 9 meses e outro aínda segue a día de hoxe sen rematar a adjudicación despois de 7 meses, como é o caso do expediente de contratación de subministracións varios. Incluso os expedientes tramitados como contratos menores, co fin de axilizar ao máximo posible á vista da urxencia a satisfacción das necesidades, como é o caso que nos ocupa, tardan máis de 4 meses en tramitarse. Esta casuística motivou a renuncia a tres especialidades formativas, xa que os prazos establecidos na convocatoria para o remate e xustificación dos cursos enmarcados dentro do Plan formativo para o emprego, o día 30 de setembro de 2024, fai inviable a súa execución sin contar cos medios precisos nuns prazos razoables. O que evidencia que ante a gravidade de ter que



renunciar a parte das subvencións, a deixar de poñer en marcha actuacións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade dos nosos demandantes de emprego, a vía do contrato menor é a única axeitada e posible para poder respectar os prazos e as necesidades para a posta en marcha destas subvencións. Basta con examinar, como se expuso anteriormente o estado de tramitación das restantes contratacións asociadas a estas actuacións formativas para constatar este feito.

Por outra banda, hai que ter en conta, como xa se dixo, que estas contratacións están sometidas a prazos establecidos nas resolucións de concesión así como na obriga de contar para a impartición dos mesmos cos docentes validados pola Xunta, así como cos medios e materiais necesarios para a súa impartición. Polos motivos anteriormente citados, neste caso propúxose o procedemento de contratación establecido no art. 118 LCSP ao tratarse dunha necesidade puntual e esporádica, concreta e perfectamente definida, e **urxente**, o que permitía acudir á contratación das subministracións previstas mediante o procedemento de contrato menor regulado no artigo 118 da LCSP e na Resolución do 6 de marzo de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro e posterior nota aclaratoria da mesma.

Finalmente, a referencia incluída neste informe en canto á existencia doutro tipo de procedementos mais axeitados para dar respostas a estas necesidades, non pode compartirse a non ser que se faga unha interpretación das normas ao marxe das circunstancias nas que estas deban de aplicarse e axena totalmente á realidade e ao funcionamento actual do noso Concello en materia de contratación. Indica o referido informe de Secretaría o seguinte: "A maior abundamento, debe sinalarse que en ningún caso a normativa vixente prevé que a falta de presentación de ofertas nunha contratación xustifique que poida acudirse á contratación como contrato menor. É mais, para este suposto, ademais do procedemento aberto, a LCSP permite acudir ao procedemento negociado sen publicidade sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o orzamento base de licitación nin modificar o sistema de retribución (artigo 168.1.a.) da LCSP". Basta con botar unha ollada ao perfil do contratante do Concello de Cambre na PLACSP ou na súa pretérita ubicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, para decatarse de que esta figura non se emprega polo Concello mais alá de situacións de emerxencia (sanitaria presente ou Covid pasada), o que fai pensar que acudir ao seu uso implicaría uns tempos de tramitación aínda maiores, habida conta dos antecedentes existentes neste eido.

#### 4. Consideracións acerca do informe de Intervención

Con relación ao reparo suspensivo efectuado a partir da consideración de que o Plan AFD 2023 - 2024 constitúe unha unidade funcional polo que debe de ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución, volven a reitearse os argumentos xa recollidos en informes previos, como é o caso do informe emitido con relación ás observacións e reparos formulados no informe de intervención referencia equipos de protección individualizada (EPI's) 2023/C005/000008 A /2023, asinado pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local con data 16 de outubro de 2023 (CVD: f8qtWym1VrCoc8kap61t), no que xa se indicaba o seguinte:

"A advertencia de que o Plan AFD 2023-2024 constitúe unha unidade funcional e o Obradoiro de Emprego Proxectos Socio Sanitario Educativo 2023-2024 outra, debendo cada unha delas de ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución, non pode compartirse en virtude dun principio elemental de eficacia. A decisión de tramitar varios expedientes de contratación non ten como finalidade diminuír a contía dos mesmos e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan, senon a un xa indicado principio de eficacia. Así, e tal e como establece a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado no seu informe 72/2018, "aunque es evidente la obligación del órgano de contratación de que su decisión de tramitar uno o varios expedientes de contratación no tenga una motivación fraudulenta, lo que es perfectamente legítimo es que dicha motivación responda a razones de eficacia.

En este sentido este órgano consultivo en su ya citada doctrina viene defendiendo de manera reiterada que "el objeto del contrato debe estar integrado por todas aquéllas prestaciones que estén vinculadas entre sí por razón de su unidad funcional impuesta por una mejor gestión de los servicios públicos." Este se configura como un elemento trascendente a la hora de determinar si es posible proceder al fraccionamiento del contrato, que debe prevalecer según el interés predominante. Por esta razón ya señalamos: "Ello, a su vez, supone que, a sensu contrario, cuando del tratamiento unitario de todas estas prestaciones se derive un beneficio para el interés público que deba decaer ante un mayor beneficio derivado de su contratación por separado o cuando ésta sea exigencia de la necesidad de dar cumplimiento a una disposición legal, la contratación por separado de las distintas prestaciones no debe considerarse contraria a lo dispuesto en el artículo 74.2 de la





**Ley (actual artículo 86.2 del TRLCSP) (Informe 16/2009, entre otros).** Y es que, como señala el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución nº 214/2013, a los efectos de considerar correcto o incorrecto el fraccionamiento del objeto del contrato, habrá que estar asimismo a lo dispuesto en el artículo 1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, el cual además de proclamar, entre otros, el principio de concurrencia -que podría colisionar con la regla general de no división del objeto del contrato-, se refiere también a la eficiente utilización de los fondos públicos, de donde se desprende, como también ha señalado el Tribunal en la resolución 247/2012, que es principio básico y rector de la contratación del sector público **el de eficiencia**, ... Ahora bien, recuerda también el Tribunal que el artículo 1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público sanciona como principios básicos y rectores de la contratación del sector público la libertad de acceso a las licitaciones, la no discriminación e igualdad de trato y, en fin, la salvaguarda de la libre competencia. Así las cosas, es el resultado de la ponderación conjunta de unos y otros de los citados principios lo que debe erigirse en pauta para determinar la procedencia o no de fraccionar el objeto del contrato mediante su división en lotes".

Á vista do anteriormente exposto, e ao respecto tanto do informe que nos ocupa como das outras necesidades que teñan que cubrirse para desenvolver as accións formativas relacionadas co Plan AFD e co Obradoiro de Emprego, a realización de diferentes contratacións agrupando as subministracións precisas para o desenvolvemento dos cursos en función da súa natureza (EPs, materiais e papelería, libros, etc.), non pode considerarse fraccionamento algún, senon que obedece a unha definición precisa do obxecto de diferentes contratacións, adecuados e idóneos para permitir satisfacer da maneira máis eficiente posible ás necesidades que o órgano de contratación debe cubrir en cumprimento dos seus fins institucionais (artigo 28.1 da LCSP). Deste xeito, ademais de asegurar a posibilidade de concurrencia de PEMES que, no caso de grandes unidades funcionais quedaría posiblemente restrinxida a grandes empresas comercializadoras ou integradoras de diferentes xéneros de produtos para a súa posta a disposición dos mercados, proporciona unha maior aproveitamento das economías de escala que posibilita o feito de que as empresas licitadoras sexa auténticas especialistas na súa área concreta de subministracións.

Cubrir as necesidades de contratación baixo unha fórmula de dous grandes contratos suporía un grave risco de cara a execución das accións formativas subvencionadas, toda vez que, o valor estimado das necesidades agrupadas en cada un deles, tomando a formación AFD e os obradoiros de emprego como dúas unidades funcionais independentes, superaría os umbrais establecidos para os procedementos simplificados, decaendo as vantaxes que dende o punto de vista da axilidade e tempos de tramitación proporcionan os procedementos de contratación do artigo 159 da LCSP. Os tempos que actualmente estamos a menexar en canto á tramitación dos procedementos de contratación nas modalidades abertas ordinarias ou mesmo simplificadas, ronda os catro meses, no mellor dos supostos, polo que, desenvolver actividades na presente anualidade sería imposible, o que si que resultaría certamente un risco dende o punto de vista da execución e xustificación das subvencións concedidas.

Polo tanto, acudir a estas solucións, sería inviable de cara a lograr unha eficiente utilización dos fondos públicos e de alcanzar os fins institucionais de carácter público que a través destas actuacións se tratan de realizar.

...

Para concluir este punto, o artigo 21.3 da orde 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025 e se realiza a primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024 dispón "3. **Non poderán subcontratar con terceiras persoas a execución da actividade formativa.** Para estes efectos, a contratación por parte da entidade beneficiaria de persoal docente para a impartición da formación non se considerará subcontratación. Por contratación de persoal docente enténdese exclusivamente a contratación de persoas físicas", e dicir, **non permiten a subcontratación da realización da acción formativa.** Por este motivo, aínda que neste caso estaríamos en presenza dun posible contrato mixto que aglutina prestacións de distintas clases, segundo o establecido no artigo 34.2 da Lei 9/2017, solo poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto "cuando esas prestacións se encuentren directamente vinculadas entre sí y mantengan relaciones de complementariedad que exijan su consideración y tratamiento como una unidad funcional dirigida a la satisfacción de una determinada necesidad o a la consecución de un fin institucional propio de la entidad contratante". Neste caso, o que se lograría coa creación da unidade funcional sería pouco pertinente de cara á consecución do fin institucional propio da entidade contratante, ao entrar en conflito esta opción coa norma que regula a concesión da subvención.

Por último, non pode tampouco compartirse o establecido no informe de intervención en relación a existencia neste procedemento da omisión no expediente de trámites ou requisitos esenciais segundo o establecido no art. 216.c) do TRLFL. Constan no expediente a xustificación da excepcionalidade, urxencia, informe de necesidade, memoria valorada, existencia de expediente de retención de crédito adecuado e suficiente aprobado pola intervención, publicidade na



*Plataforma de contratistas do Estado para presentación de ofertas, recepción de ofertas e informe de adjudicación. Como ben se di no propio informe de intervención “Se ben non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor, neste caso particular xa advertín que o PLAN AFD 2023-2024 constitúe unha unidade funcional polo que debe ser obxecto de licitación englobando todos aqueles gastos precisos para a súa execución”.*

*De conformidade co anteriormente exposto, e xa que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que no caso de discrepancias, e cando o órgano ao que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderalle ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva, **PROPÓNSE***

***Primeiro.**- Levantar o reparo suspensivo para poder continuar coa tramitación do expediente, contratar e dispoñer da subministración de equipos e materiais para poder desenvolver o **curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica**, dentro de la formación del Plan Formativo para el Empleo. (Plan AFD 2023/24), e así poder executar adecuadamente e xustificar e percibir as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao Concello de Cambre para financiar estas diferentes accións formativas, nos prazos establecidos, sen menoscabo algún para os intereses xerais do Concello.*

***Segundo.**- Dispoñer que continúe o procedemento de contratación.*

***Terceiro.**- Das traslado desta resolución aos Servizos Económicos aos efectos oportunos”.*

- Vista a resolución da Alcaldía nº 1081 de data 9 de setembro de 2024 pola que se acorda levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal o día 14 de xullo de 2024 no Informe de existencia de crédito ao contrato menor denominado “Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do Plan Formativo para o Emprego (Plan AFD) 2023 – 2024 do Concello de Cambre”. Número de expediente: 2024/C002/000011 (CVD: 1bd3zeu4Nh0CHC2ecA5P) e se dispón que continúe o procedemento de contratación.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Especificacións aplicables á contratación da subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción – climatización doméstica do plan formativo para o emprego (Plan AFD 2023 - 2024) do Concello de Cambre, elaborado polo técnico en promoción económica, cun importe de 14.405,00 euros sen IVE, 17.430,05 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241.22199

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2024/C002/000011, da subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción – climatización doméstica do plan formativo para o emprego (Plan AFD 2023 - 2024) do Concello de Cambre de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adjudicar o contrato para a subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción – climatización doméstica do plan formativo para o emprego





(Plan AFD 2023 - 2024) do Concello de Cambre á empresa "Suministros Bermúdez Ulloa S.L." con NIF B15794094, domicilio na Avenida de Almeiras, 21, 15180 Almeiras (Culleredo), no prezo ofertado de 14.405,00 € sen IVE, e 17.430,05 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a única e mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica don Jose Luis González Cardalda a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notificar este acordo ao adxudicatario e aos responsables do contrato, e dar traslado, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á interventora municipal e ao departamento de contratación para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Octavo:** Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno".

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 12 de setembro de 2024 (CVD: R4s1RzwZ4a9mh2+DaRW4), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Cuatro (4), dos/as Sres./as: Pan Lesta, González Leirós, Mallo Castro e Díaz Baldomir.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as.: Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 12 de setembro de 2024 (CVD: R4s1RzwZ4a9mh2+DaRW4), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 6 ao 12 de setembro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1060/2024 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá núm. 1090/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1060/2024	06-09-2024	Aprobar o padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Obradoiros de Semana Santa 2024", que comprende 26 recibos e 4 cotas 0 dun total de 30 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar en función da súa capacidade económica e da modalidade elixida, por un importe total de 440,00 €

1061/2024	06-09-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de setembro de 2024
1062/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: BJCB
1063/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 4 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FDML
1064/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: IFdaS
1065/2024	06-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JMSS
1066/2024	06-09-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a CI S.L, con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 23 de febreiro de 2024, pola que se lle ordenou formigonar ou asfaltar provisionalmente unha banda de 5 m. de longo no camiño privado ata o camiño municipal en Cecebre, de conformidade co disposto polo artigo 136.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1067/2024	06-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: OGM
1068/2024	06-09-2024	Denegar a ampliación do prazo outorgado para a poda das árbores existentes na finca sita en Anceis, que están a invadir a vía pública por canto que xa transcorreu con creces tanto o prazo inicialmente concedido como o que se podería ter concedido, que non podía exceder da metade do prazo inicialmente concedido, de acordo co disposto polo artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a JLIV con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado de Urbanismo e Obras de data 8 de maio de 2023
1069/2024	06-09-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ata o 21/08/2029 que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DAB
1070/2024	06-09-2024	Asignar o número 21-C, á vivenda e parcela de referencia situada no lugar de Aián, entidade Sigrás, CP 15181, Cambre (A Coruña), segundo plano

		de situación que consta no expediente
1071/2024	06-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 29/08/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: KFC
1072/2024	06-09-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 12/08/2023, xa que segundo o disposto no artigo 6, se atopa no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: EHB
1073/2024	06-09-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ata o 10/01/2029 que pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DRF
1074/2024	09-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida MJBF e AMCdeAB, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1075/2024	09-09-2024	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a DJUP, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1076/2024	09-09-2024	Estimar as alegacións presentadas por MBCM pola deficiente estado da vexetación finca, dado que a finca afectada non é a súa e polo tanto archivar o expediente
1077/2024	09-09-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 14 ao 22 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1078/2024	09-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ISM
1079/2024	09-09-2024	Delegar na concelleira dona Maria del Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de NCM e JARG
1080/2024	09-09-2024	Delegar na concelleira dona Maria del Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de SDD e MSR
1081/2024	09-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal o día 14 de xullo de 2024 no informe de existencia de crédito ao contrato menor denominado "Subministración de materiais e equipos para o desenvolvemento do curso de operacións de fontanería e calefacción - climatización doméstica, do plan formativo para o emprego (plan afd) 2023 - 2024 do Concello de Cambre". Dispoñer que continúe o procedemento

		de contratación
1082/2024	10-09-2024	Declarar o desistimento da comunicación previa para a adecuación de infraestrutura de telecomunicacións de ATE, S.L.U. no Temple, por canto que tendo transcorrido con creces o prazo para a presentación da documentación que lle foi requerida, esta non foi presentada, sendo esta necesaria para o inicio das obras, tal como se lle indicou no requerimento de data 27 de xuño de 2024. Suspende inmediatamente os actos que está a realizar ATE, S.L.U. consistentes na adecuación de infraestrutura de telecomunicacións no Temple, carecendo do preceptivo título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
1083/2024	10-09-2024	Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 11 ao 15 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos
1084/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LCGG
1085/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SDeV
1086/2024	11-09-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: FMC
1087/2024	12-09-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal en informe emitido con data 18 de xuño de 2024 á contratación dun operario peón, dun operario condutor e dun oficial albanel ao abeiro do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. Dispoñer que continúe o procedemento para a convocatoria do proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal dos ditos traballadores/as, ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos Concellos de Provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de emprego local. Programa PEL-CONCELLOS 2024
1088/2024	12-09-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de agosto de 2024 por importe de 51.875,65 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 51.875,65 euros
1089/2024	12-09-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora accidental no seu informe de fiscalización subvención nominativa Sementeira Cambre para a promoción musical 2023, de data 29/08/2024. Outorgar á asociación Sementeira Cambre unha subvención por importe de 63.000,00 euros para a promoción musical do ano 2023. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación Sementeira



		Cambre para a promoción musical do ano 2023
1090/2024	12-09-2024	Aprobar a devolución de 66,96 € no concepto de ingresos indebidos e o pago de 4,35 € en concepto de xuro legal. Total 71,31 euros. Solicitante: FJSF

#### **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo